# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15027411 | IES de Cacheiras | Teo | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Bacharelato | Lingua galega e literatura I | 1º Bac. | 3 | 105 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 22 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 23 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 23 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 24 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 25 |
| 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias | 25 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 25 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 25 |
| 7.2. Actividades complementarias | 27 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 27 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 28 |
| 9. Outros apartados | 29 |

## 1. Introdución

O IES de Cacheiras está situado en Cacheiras, parroquia de San Simón de Ons, pertencente ao concello de Teo, que ten algo menos de 19000 habitantes e está en pleno proceso de transición dunha configuración rural e agraria a outra urbana e dedicada sobre todo ao sector servizos. O alumnado de bacharelato procede practicamente na súa totalidade do propio centro e reside, maiormente, no medio rural e en pequenas urbanizacións asentadas nel. Maioritariamente xa non ten o galego como lingua habitual, sendo cada vez máis residual o número de alumnos e alumnas que son galegofalantes, ao tempo que aumentan os que teñen importantes problemas para expresarse en lingua galega.
Este centro ofrece ensinanzas de ESO (1º, 2º, 3º e 4º mais 3º e 4º dun Programa Diversificación Curricular) e mais de Bacharelato (Ciencias e Tecnoloxía e mais Humanidades e Ciencias Sociais). En canto ás infraestruturas, dispón de biblioteca, salón de actos, dúas aulas de informática, tres laboratorios, tres aulas de desdobres, dúas aulas de apoio, cafetería, instalacións deportivas exteriores, ximnasio e mais encerados dixitais e equipos informáticos en todas as aulas e tamén para todo o alumnado de ESO debido á participación en E-Dixgal. En xeral os espazos son reducidos tanto para o número de alumnado total (arredor de 680) como por aula. En 1º de bacharelato hai 88 persoas repartidas en 3 grupos (dous da modalidade Ciencias e Tecnoloxía e un de Humanidades e Ciencias Sociais): 1º bach. -A con 27, 1º bach.-B con 31 e 1ºbach.-C con 30.
O departamento de Lingua galega e literatura está constituído por 4 profesoras e 2 profesores. En conxunto, este profesorado encárgase das materias de Lingua galega e literatura dos catro niveis de ESO e dos dous do Bacharelato, ademais do PDC de 3º de ESO. Da docencia de Lingua galega e literatura en 1º de bacharelato ocúpase María Dulce Serramo Gontán nos tres grupos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural. | 1-5 | 2-3 | | | | 1-2 | | 1 |
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer. | 2 | 2 | 1 | 2-3 | 40 | 3 | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais. | 1-3-5 | 2 | 1 | 2-3 | | 2 | | |
| OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento. | 2-3-5 | 2 | 4 | 1 | 40 | 3 | | |
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas. | 1-3-5 | | 1 | 2-3 | 50 | 2 | | |
| OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas. | 3 | | | 1-2-3-4 | 40 | 2 | 3 | |
| OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura. | 1-4 | | | 3 | 11 | | | 2-31-32 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria. | 1-4 | | | | | 1 | | 1-2-31-32-42 |
| OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica. | 1-2 | 2 | 1-2 | | 50 | | | |
| OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe. | 1-5 | 3 | | 3 | 31 | 1-2-3 | | |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | UNIDADE 1 | Tras a avaliación inicial, abordarase a orixe e formación do galego, así como a súa situación e características na Idade Media. Empezarase o estudo das clases de palabras (substantivos, adxectivos) e diversos aspectos de semántica. Tratarase o texto expositivo, resumos e esquemas e a cantiga de escarnio, as de Santa María e a prosa medieval. | 23 | 24 | X | | |
| 2 | UNIDADE 2 | Explicarase o contexto da lírica medieval e as cantigas de amigo e amor. O alumnado realizará un traballo de análise dunha cantiga, buscará paralelismos na música | 5 | 7 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | UNIDADE 2 | actual e recreará a súa forma cunha temática do seu interese. | 5 | 7 | X | | |
| 3 | UNIDADE 3: Senlleiras | Lectura autónoma de Senlleiras de Antía Yáñez. Conversarán sobre os capítulos adxudicados co profesorado e demostrarán, por escrito, a súa comprensión da obra, a opinión e as relacións que establecen con outras manifestacións artísticas. | 5 | 4 | X | | |
| 4 | UNIDADE 4 | Abordaranse as funcións sociais da lingua e os conceptos de bilingüismo e diglosia para logo seguir co Galego Medio e a literatura dos Séculos escuros. Continuarase a revisión das clases de palabras (determinantes, pronomes, verbos) e léxico e semántica. Tamén se traballará co texto argumentativo. | 23 | 23 | | X | |
| 5 | UNIDADE 5 | O alumnado elaborará unha presentación e realizará unha exposición sobre contidos relacionados coas linguas do mundo, Europa e a península, o catalán, o éuscaro, o portugués e as variedades do galego. | 5 | 9 | | X | |
| 6 | UNIDADE 6: Golpes de luz | Lectura autónoma de Golpes de luz de Ledicia Costas.<br>Demostrarán a súa comprensión, opinións e reflexións a través dunha proba escrita. | 5 | 1 | | X | |
| 7 | UNIDADE 7 | Abordarase o Galego Moderno, o Prerrexurdimento e a literatura do Rexurdimento. Rematarase o estudo das clases de palabras (adverbios, preposicións e conxuncións) e o léxico. | 24 | 25 | | | X |
| 8 | UNIDADE 8 | Traballarase con distintos tipos de textos xornalísticos e o alumnado elaborará un programa de televisión con contidos literarios, gramaticais e comparación do tratamento dun tema en distintos medios de comunicación. | 5 | 11 | | | X |
| 9 | UNIDADE 9: O sol do verán | Lectura autónoma de O sol do verán de Carlos Casares.<br>Demostrarán a súa comprensión, opinións e reflexións a través dunha proba escrita. | 5 | 1 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | UNIDADE 1 | 24 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais | Coñecer os elementos fundamentais da orixe e formación do galego, diferenciando substrato de superestrato. Coñecer a situación xeral do Galego Antigo, explicando algunhas das súas causas e consecuencias, ademais das principais características lingüísticas. | PE | 100 |
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Recoñecer a temática e a estrutura de textos expositivos. | | |
| CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Analizar, resumir e interpretar axeitadamente textos expositivos, xustificando a tipoloxía textual mediante algúns trazos presentes nun texto dado. | | |
| CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Coñecer as normas ortográficas e morfosintácticas, aplicándoas nos seus textos case sempre con corrección. Ter un caudal léxico bastante diverso e amplo para usalo con propiedade nos seus escritos, así como os conectores básicos e os signos de puntuación axeitados. | | |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Coñecer algúns trazos das cantigas de escarnio e de Santa María e explicalos utilizando metalinguaxe específica. Coñecer algúns dos trazos e tipos de prosa medieval, empregando metalinguaxe específica para expoñelos. | | |
| CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Identificar e usar correctamente os susbtantivos e adxectivos, coñecer as súas particularidades e explicalas reflexivamente e con metalinguaxe específica. | | |
| CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Coñecer distintas relacións semánticas, explicándoas con exemplificacións. Distinguir voces patrimoniais, cultismos e semicultismos, aplicando o coñecemento para explicar formas correctas e incorrectas. Identificar mecanismos de formación de palabras, explicándoos con metalinguaxe específica. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
| --- |
| - Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.<br>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.<br>- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias<br>- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.<br>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.<br>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.<br>- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.<br>- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.<br>- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).<br>- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.<br>- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 2 | UNIDADE 2 | 7 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. | Participar activamente no traballo en grupo sobre a análise dunha cantiga. | TI | 100 |
| CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta. | Elaborar unha análise coherente, cohesionada e con rexistro adecuado sobre unha cantiga medieval, planificando e revisando o proceso de traballo. | | |
| CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Coñecer as normas ortográficas e morfosintácticas, aplicándoas nos seus textos con corrección. Usar un léxico preciso e apropiado, consultando os dicionarios cando se precise,  e empregar axeitadamente os signos de puntuación. | | |
| CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual. | Elaborar un traballo sobre unha cantiga medieval utilizando todas as fontes proporcionadas, organizar a información e reelaborada con palabras propias. | | |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Explicar a tipoloxía dunha cantiga, os seus campos sémicos e os trazos formais empregando a metalinguaxe específica e expresando a propia opinión sobre o texto. | | |
| CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega ¿e tamén da lusófona¿ obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | Establecer relacións entre unha cantiga medieval e unha canción actual, explicitando as razóns da asociación. | | |
| CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | Elaborar unha cantiga de temática actual, empregando como modelo para imitar a traballada previamente. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto. |
| - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto. |
| - Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. |
| - Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calida-de e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e res-pectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol. |
| - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. |
| - Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos. |
| - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. |
| - Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto. |
| - Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto, con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais. |
| - Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. |
| - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado. |
| - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias |
| - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. |
| - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. |
| - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. |
| - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | UNIDADE 3: Senlleiras | 4 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | Expoñer o solicitado sobre a lectura Senlleiras, falando con fluidez, coherencia, cohesión e rexistro adecuado. | TI | 100 |
| CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. | Participar de maneira activa e adecuada nas intereaccións orais sobre Senlleiras, respectando as quendas de fala e a opinión dos demais. | | |
| CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Coñecer as normas ortográficas e morfosintácticas, aplicándoas nos seus textos case sempre con corrección. Ter un caudal léxico bastante diverso e amplo para usalo con propiedade nos seus escritos, así como os conectores básicos e os signos de puntuación axeitados. | | |
| CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Identificar o sentido global, a información relevante e a intención da obra de lectura Senlleiras, realizando as inferencias necesarias. | | |
| CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura. | Ler autonomamente a obra Senlleiras de Antía Yáñez, explicando de xeito argumentado a súa experiencia de lectura. | | |
| CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais. | Expresar a súa valoración da lectura de Senlleiras, vinculándoa con outras obras ou experiencias artísticas e empregando unha metalinguaxe específica. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística |
| - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto. |
| - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. |
| - Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos. |
| - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. |

| Contidos |
|---|
| - Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.<br>- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega ¿e tamén do ámbito lusófono¿, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.<br>- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.<br>- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.<br>- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario.<br>- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras.<br>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | UNIDADE 4 | 23 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais | Coñecer conceptos básicos de sociolingüística, diferenciando entre bilingüismo e diglosia. Coñecer a situación xeral do Galego Medio, explicando algunhas das súas causas e consecuencias, ademais de recoñecer algunhas diferenzas coa lingua medieval e coa actual. | PE | 100 |
| CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas. | Coñecer as implicacións que tiveron os prexuízos na historia da lingua, relacionándoos coa súa situación e a deturpación durante os Séculos Escuros. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Recoñecer a temática e a estrutura de textos argumentativos. | | |
| CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Analizar e interpretar axeitadamente textos argumentativos, xustificando a tipoloxía textual mediante algúns trazos presentes nun texto dado e creando argumentos propios. | | |
| CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Coñecer as normas ortográficas e morfosintácticas, aplicándoas nos seus textos case sempre con corrección. Ter un caudal léxico bastante diverso e amplo para usalo con propiedade nos seus escritos, así como os conectores básicos e os signos de puntuación axeitados. | | |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Coñecer o panorama xeral da literatura dos Séculos Escuros e explicala empregando metalinguaxe específica. | | |
| CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Identificar e usar correctamente os determinantes, pronomes e verbos, coñecer as súas particularidades e explicalas reflexivamente e con metalinguaxe específica. | | |
| CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Coñecer distintas relacións semánticas, explicándoas con exemplificacións. Identificar desviacións da norma e aplicar o coñecemento para comparalas coas formas estándar. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica.<br>- Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de os combater.<br>- Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.<br>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. |

| Contidos |
| --- |
| - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.<br>- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias<br>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).<br>- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.<br>- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 5 | UNIDADE 5 | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais | Recoñecer e valorar as linguas de Penísula Ibérica, analizando a situación xeral de cada unha delas e observando semellanzas e diferenzas entre galego, portugués, catalán e éuscaro a partir de manifestacións orais ou escritas. | TI | 100 |
| CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas. | Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos a partir da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | Coñecer os seus dereitos lingüísticos a partir da análise dalgunhas leis que os rexen,  evitando usos discriminatorios da lingua, así como elementos non verbais que denoten abusos de poder. | | |
| CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social. | Aplicar estratexias de diálogo cando xurdan conflitos ou disensións no traballo en grupo, buscando o consenso. | | |
| CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | Realizar unha exposición oral formal sobre algúns aspectos das linguas da Penísula Ibérica, empregando como soporte unha presentación multimedia e expresándose con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e rexistro adecuado tanto a nivel escrito como oral. | | |
| CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. | Participar de maneira activa na elaboración grupal dunha presentación e exposición sobre as linguas da Península Ibérica, empregando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. | | |
| CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Coñecer as normas ortográficas e morfosintácticas, aplicándoas tanto en textos orais como escritos case sempre con corrección. | | |
| CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual. | Consultar información sobre as linguas da Penísula Ibérica en distintas fontes, organizala, reelaborala e comunical de xeito creativo, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual. | | |
| CA4.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital. | Comparar elementos lingüísticos das distintas linguas da Península Ibérica, consultando dicionarios e manuais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica.<br>- Estudo comparativo das principais variedades dialectais do galego e do portugués (especialmente de Portugal e do Brasil). |

| Contidos |
|---|
| - Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica (con especial atención ao éuscaro e ao catalán), contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais.<br>- Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística.<br>- Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de os combater.<br>- Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas hexemónicas. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. Ecoloxía e sostibilidade lingüística.<br>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.<br>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto.<br>- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.<br>- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calida-de e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e res-pectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.<br>- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | UNIDADE 6: Golpes de luz | 1 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Coñecer as normas ortográficas e morfosintácticas, aplicándoas nos seus textos case sempre con corrección. Ter un caudal léxico bastante diverso e amplo para usalo con propiedade nos seus escritos, así como os conectores básicos e os signos de puntuación axeitados. | PE | 100 |
| CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Identificar o sentido global, a información relevante e a intención da lectura Golpes de luz, realizando as inferencias necesarias. | | |
| CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura. | Ler autonomamente a obra Golpes de luz de Ledicia Costas, explicando de xeito argumentado a súa experiencia de lectura. | | |
| CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais. | Expresar a súa valoración sobre algún aspecto concreto da lectura de Golpes de luz, vinculándoa con outras obras ou experiencias artísticas e empregando unha metalinguaxe específica. | | |
| CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | Crear textos persoais con intención literaria a partir da lectura de Golpes de luz. | | |
| CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Identificar e emendar problemas de comprensión lectora empregando os seus coñecementos sobre o uso da lingua. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.<br>- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega ¿e tamén do ámbito lusófono¿, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. |

| Contidos |
|---|
| - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras.<br>- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | UNIDADE 7 | 25 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais | Coñecer a situación xeral do galego no séc. XIX, explicando algunhas das súas causas e consecuencias, ademais de recoñecer certas diferenzas coa lingua actual. | PE | 100 |
| CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Coñecer as normas ortográficas e morfosintácticas, aplicándoas nos seus textos case sempre con corrección. Ter un caudal léxico bastante diverso e amplo para usalo con propiedade nos seus escritos, así como os conectores básicos e os signos de puntuación axeitados. | | |
| CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valorar a forma e o contido de poemas de Rosalía de Castro, avaliando a súa calidade estética e a eficacia comunicativa. | | |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Coñecer a literatura do Prerrexurdimento e Rexurdimento e interpretar textos de Rosalía, Curros e Pondal analizando algúns dos seus elementos constitutivos e empregando unha metalinguaxe específica. | | |
| CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Identificar e usar correctamente adverbios, preposicións e conxuncións, coñecer as súas particularidades e explicalas reflexivamente e con metalinguaxe específica. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
| --- |
| - Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.<br>- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.<br>- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias<br>- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.<br>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.<br>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.<br>- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.<br>- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.<br>- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.<br>- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 8 | UNIDADE 8 | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos. | Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor en textos propios dos medios de comunicación, analizando a interacción entre os diferentes códigos. | TI | 100 |

| **Criterios de avaliación** | **Mínimos de consecución** | **IA** | **%** |
|---|---|---|---|
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valorar a forma e o contido de textos dos medios de comunicación audiovisuais, avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados para trasladalos ás súas propias producións. | | |
| CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | Planificar, realizar e gravar un programa de televisión sobre as temáticas propostas polo profesorado, expresándose con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | | |
| CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. | Participar de maneira activa na realización e gravación en grupo dun programa de televisión, empregando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. | | |
| CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención de textos diversos dos medios de comunicación para realizar producións propias desta tipoloxía textual. | | |
| CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valorar criticamente a forma e o contido de textos dos medios de comunicación, avaliando a súa calidade, fiabilidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados para aplicalos nas súas propias producións. | | |
| CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Coñecer as normas ortográficas e morfosintácticas, aplicándoas case sempre con corrección tanto en textos orais coma escritos. | | |
| CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información. | Comparar o tratamento dun mesmo tema en distintos medios de comunicación, mostrando unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións ou manipulacións da información. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| **Contidos** |
|---|
| - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.<br>- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. |

| Contidos |
|---|
| - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.<br>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e os medios de comunicación.<br>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística<br>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.<br>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.<br>- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.<br>- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto, con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 9 | UNIDADE 9: O sol do verán | 1 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Coñecer as normas ortográficas e morfosintácticas, aplicándoas nos seus textos case sempre con corrección. Ter un caudal léxico bastante diverso e amplo para usalo con propiedade nos seus escritos, así como os conectores básicos e os signos de puntuación axeitados. | PE | 100 |
| CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Identificar o sentido global, a información relevante e a intención da lectura O sol do verán, realizando as inferencias necesarias. | | |
| CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valorar a forma e o contido da obra lida, avaliando a eficacia dos procedementos comunicativos empregado. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura. | Ler autonomamente a obra O sol do verán de Carlos Casares, explicando de xeito argumentado a súa experiencia de lectura. | | |
| CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais. | Expresar a súa valoración sobre algún aspecto concreto da lectura de O sol do verán, vinculándoa con outras obras ou experiencias artísticas e empregando unha metalinguaxe específica. | | |
| CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Identificar e emendar problemas de comprensión lectora empregando os seus coñecementos sobre o uso da lingua. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.<br>- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega ¿e tamén do ámbito lusófono¿, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.<br>- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras.<br>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

O principal propósito que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega, para iso trazamos as seguintes pautas metodolóxicas:
- partiremos dos coñecementos previos do alumnado e empregaremos unha metodoloxía o máis activa posible, que alternará traballos individuais con traballos cooperativos que melloren os vínculos entre o alumnado e mesmo favorezan as relacións interculturais. Segundo a Teoría de Intelixencias Múltiples de Gardner existen diferentes estilos de aprendizaxe, por conseguinte, tratarase na medida do posible de atender os diferentes ritmos para que todo o alumnado vaia adquirindo os coñecementos básicos ao tempo que se favoreza a capacidade de aprender por si mesmo e que o capacite para acceder á formación superior ou ao futuro profesional de forma competente.
-prestarémoslle especial atención é o traballo da oralidade, pois en boa parte dos casos o uso da lingua por parte do noso alumnado redúcese a unha práctica ritual forzada polas clases de Lingua galega e as outras materias que se imparten obrigatoriamente nesta lingua, por iso faremos propostas activas de traballo que impliquen tanto o uso formal como informal da lingua, empregando tamén soportes audiovisuais.

-graduaremos o desenvolvemento dos obxectivos e dos contidos de maneira que, alén de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. Paralelamente tamén será progresiva a dificultade da realización de tarefas cada vez máis complexas, de xeito que o alumnado teña que mobilizar e interpretar criticamente un amplo conxunto de recursos e saberes en diferentes situacións comunicativas.
-introduciremos o traballo colaborativo, coa proposta de proxectos nos que o alumnado debe regular a súa conduta e a súa capacidade para se relacionar cos demais, estimulando o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas. Alén diso, este tipo de traballo servirá para potenciar que cada persoa teña os seus tempos e os seus espazos de recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Nestes traballos o emprego das TIC será relevante, polo que se insistirá nun uso crítico, saudable e respectuoso coa propiedade intelectual.
-propoñeremos obras de lectura que, ademais de ampliar os ámbitos de coñecemento do alumnado e melloraren o seu nivel de capacidade verbal, promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (igualdade de xénero, dereitos humanos, conciencia ambiental...). A selección de lecturas servirá tamén para fomentar o enriquecemento do seu acervo cultural, a creatividade e as súas posibilidades de expresión, mediante a realización de exposicións e recreacións.
-trataremos, na medida do posible, de atender á diversidade, prestando atención individualizada e propoñendo actividades de reforzo cando se detecten dificultades de aprendizaxe ou de ampliación para aquel alumado que precise afondar máis nos contidos. A aula virtual será o soporte fundamental que usaremos para estas actividades.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Libro de texto: Iglesias Álvarez e outros: Lingua e literatura 1 bacharelato, Ed. Xerais, 2022 |
| Materiais complementarios da rede e de elaboración propia |

O libro de texto citado empregarase como material básico de referencia, pero será completado con outros recursos da rede que figurarán no curso específico da aula virtual do centro, tanto de consulta xeral (Portal das palabras, Digalego, Dicionario de pronuncia, Dicionario castelán-galego de Rinoceronte Editora, conxugador de verbos Cotovia.org) como de contidos curriculares específicos. Ademais diso, tamén se utilizarán materiais de elaboración propia.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico do alumnado no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica.
Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.
Consistirá nunha proba que partirá dun texto escrito sobre o que se proporán distintas actividades relacionadas coa súa compresión, os coñecementos gramaticais e léxicos básicos e unha pregunta de produción textual propia.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **23** | **5** | **5** | **23** | **5** | **5** | **24** | **5** | **5** | **100** |
| **Proba escrita** | 100 | 0 | 0 | 100 | 0 | 100 | 100 | 0 | 100 | **80** |
| **Táboa de indicadores** | 0 | 100 | 100 | 0 | 100 | 0 | 0 | 100 | 0 | **20** |

**Criterios de cualificación:**

Os criterios de cualificación por avaliación serán os seguintes:
1ª AVALIACIÓN: traballo escrito 15% ; proba oral e proba escrita sobre o libro de lectura 15% (7,5+7,5); exame 70%
2ª AVALIACIÓN: exposición oral planificada 15%; proba escrita sobre o libro de lectura 15%; exame 70%
3ª AVALIACIÓN: traballo oral e escrito 15%; proba escrita sobre o libro de lectura 15%; exame 70%
Os traballos serán avaliados mediante rúbricas ou escalas de valoración que se lle darán a coñecer ao alumnado antes da súa realización. En todos os exames figurará a puntuación de cada pregunta.
Os libros de lectura obrigatoria serán os seguintes:
-1ª avaliación: Antía Yáñez: Senlleiras, Galaxia
-2ª avaliación: Ledicia Costas: Golpes de luz, Xerais
-3ª avaliación: Carlos Casares: O sol do verán, Galaxia
Libros de lectura voluntaria: o alumnado terá a opción de ler un libro de lectura, a escoller entre os dunha listaxe ofrecida pola profesora, que poderá incrementar a nota final do curso ata 0.5 puntos. Esta lectura ten que estar realizada antes do 30 de abril. Avaliarase cunha proba oral.
Das cualificacións dos traballos e probas escritas e mais dos exames restarase ata 2 puntos por erros ortográficos, morfosintácticos ou léxicos; os erros moi graves (non uso de maiúsculas, pronomes mal colocados, emprego de tempos compostos) descontarán 0,1 cada un e o resto 0,1 cada 2 erros. Tamén se poderá descontar ata 0,5 puntos por deficiencias na presentación dos escritos (ausencia de marxes, caligrafía ilexible ou abundancia de borranchos ou riscos).
Se un alumno ou alumna copiase durante a realización dunha proba, anularíase a pregunta copiada ou a totalidade da proba, segundo corresponda.
O alumnado que non se presente a algunha das probas programadas poderá realizala noutra data sempre e cando a ausencia estea documental e debidamente xustificada.
A nota de cada avaliación calcularase sumando os distintos elementos avaliados, debidamente ponderados.
A nota final calcularase mediante a media aritmética das tres avaliacións sen redondeo. Considerarase que superou a materia o alumnado que obteña unha nota media no curso de 4,5 puntos ou superior.

**Criterios de recuperación:**

O alumnado que non chegue ao aprobado (inferior ao 4,5) deberá recuperar as partes suspensas ao inicio do seguinte trimestre para a 1ª e 2ª e antes da avaliación final no caso da 3ª. Efectuaranse dous tipos de probas de recuperación: unha proba oral para a parte do libro de lectura e outra escrita que incluirá todos os contidos traballados no trimestre. A nota da avaliación que haxa que recuperar obterase, segundo os casos, do seguinte xeito: 15% da lectura (mantense a nota obtida na avaliación no caso de que estea aprobada)+ 85% proba escrita de recuperación.
Neste suposto, a súa nota final calcularase novamente mediante a media aritmética das tres avaliacións sen redondeo, pero incorporando as novas cualificacións obtidas despois das recuperacións cando corresponda.
No período de xuño que transcorre entre a avaliación final ordinaria e a extraordinaria procederase do seguinte xeito:
-o alumnado aprobado realizará tarefas de reforzo e ampliación encamiñadas á preparación de 2º de bacharelato, se ben a súa nota non poderá ser modificada.
-o alumnado suspenso realizará actividades de apoio e recuperación para axudarlle na preparación da proba

extraordinaria de todos os contidos que terá que facer no día de xuño fixado oficialmente pola Xefatura de estudos. A cualificación neste caso será unicamente a nota obtida nesa proba.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Neste curso académico hai dous 2º de bacharelato que teñen pendente a Lingua galega e literatura I. O plan de recuperación que deberán seguir figura na programación de 2º de bacharelato, por ser o seu curso de referencia. Porén, reprodúcese tamén aquí deseguido:
-deberá preparar as probas polo libro de texto e os materiais fornecidos pola Xefa de departamento, que lle facilitará o acceso a un curso específico na aula virtual do centro.
-deberán efectuar dúas probas parciais,  nas datas fixadas pola Xefatura de estudos. Os contidos de cada unha delas e mais as datas de realización especificaranse no documento informativo que se lles entregará e tamén figurarán no seu curso da AV. Se faltan a algunha desas probas deberán xustificar debidamente e de xeito documentado a súa ausencia para poder realizala noutra data.
A nota final da materia calcularase mediante a media aritmética das 2 probas e considerarase superada se é de 4,5 puntos ou superior. Quen non acade esta media terá que realizar un exame final de toda a materia na data establecida pola Xefatura de estudos no mes de maio. No caso de que tampouco se aprobase o exame final ordinario terían aínda a opción de realizar outro exame final extraordinario para poder superala.

## 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Non procede.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade debe ser, dentro do humanamente posible, un elemento fundamental da práctica docente diaria. Dado que non todo o alumnado ten o mesmo ritmo de aprendizaxe, o profesorado deberá tratar de prestarlle unha atención o máis individualizada posible para detectar e solventar as carencias existentes. Unha vez fixados os obxectivos básicos, o profesorado procurará:
-Adaptar o material didáctico.
-Variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno e alumna.
-Propor actividades de aprendizaxe diferenciadas.
-Organizar grupos de traballo flexibles.
-Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e as competencias do alumnado.
Neste curso temos alumnado con  TDAH, TEA, aos cales se lles aplicarán as medidas que establece o seu correspondente protocolo, particularmente no referido á atención e colocación na aula así como ao tempo e formato das diferentes probas.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.3 - Comunicación audiovisual | | | | | | | | X |
| ET.4 - Competencia dixital | | | | | X | | | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | | | | | | | | X |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | | X | X | | X | | | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | | X | X | | X | X | | X |
| ET.8 - Creatividade | | X | | | X | X | | X |
| ET.9 - Igualdade de xénero | | | X | | | X | | |
| ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos | | X | | | X | | | X |
| ET.11 - Pluralidade | | | | | X | | | |

| | UD 9 |
|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | |
| ET.4 - Competencia dixital | |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | X |
| ET.8 - Creatividade | |
| ET.9 - Igualdade de xénero | |
| ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos | |
| ET.11 - Pluralidade | |

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Encontros con escritoras | Visita ao centro das autoras das lecturas, Antía Yáñez e Ledicia Costas, para conversar sobre elas. | | | |
| Visitas artístico-literarias | Saídas a exposicións, museos ou roteiros literarios que lle acaian ao currículo do curso. | | | |

**Observacións:**

A realización dos encontros coas escritoras vai depender da súa axenda e, polo tanto, non se pode asegurar.
As visitas artístico-literarias realizaranse se fose posible coordinarse con outro departamento para completar a saída ou se xorden actividades de interese próximas ao centro.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación. |
| Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias. |
| Conseguiuse seguir a temporalización prevista das unidades didácticas e das distintas actividades. |
| Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e mínimos de consecución. |
| Metodoloxía empregada |
| Os procedementos e instrumentos de avaliación utilizados foron adecuados. |
| As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles. |
| Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos. |
| Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da materia como no ámbito das tecnoloxías |
| Os recursos didácticos cos que contou o profesorado foron adecuados e suficientes. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes. |
| Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as... |

| Clima de traballo na aula |
|---|
| Propiciouse un ambiente motivador na aula. |
| Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais como de procedencia. |
| Conseguiuse un ambiente propicio para a aprendizaxe, sen condutas disruptivas. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Mantívose contacto regular coas familias e foron informadas cando o solicitaron. |
| Traballouse en coordinación co resto do equipo docente. |

**Descrición:**

Cada un dos ítems anteriores será valorado numericamente e os seus resultados reflectiranse na memoria final, de cara a corrixir as deficiencias que se detecten para o vindeiro curso.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao comezo do curso o profesorado informará ao alumnado sobre os instrumentos, procedementos e criterios de cualificación, que tamén se farán públicos a través da web do centro, onde estarán accesibles para a súa consulta durante o curso académico.
O seguimento da programación realizarase a través da aplicación PROENS e tamén se deixará constancia dos aspectos máis relevantes nas actas do departamento. Os acordos e/ou recomendacións da Comisión de Coordinación Pedagóxica que lle poidan afectar a algún aspecto da programación tamén serán tidos en conta para realizar as modificacións oportunas.
Para comprobar a aplicación adecuada da PD elaboráronse os indicadores de logro que se enumeran a continuación:
1. Conseguiuse acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os correspondentes protocolos de actuación).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos Plans do centro: proxecto lingüístico, proxecto lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse a PD aplicando unha escala de 1 a 5 a respecto do seu cumprimento.
12. Establecéronse propostas de mellora das deficiencias observadas na aplicación da PD. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

Na última reunión do departamento didáctico resumiranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e, en consecuencia, a incorporación das propostas de mellora; incluiranse na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso.

## 9. Outros apartados